



PARA ESTAR SANS, LAVÁMONOS BEN AS MANS

Obxectivos

- Celebrar o Día do Lavado de Mans.
- Estimular a creatividade e contribuír a desenvolver a capacidade de expresión verbal, fomentando o dereito á participación e á liberdade de expresión.
- Reforzar o coñecemento sobre a práctica do lavado de mans, esencial para a prevención de varias enfermidades que afectan á infancia.
- Contribuír á campaña escolar GOTAS, polo Obxectivo de Desenvolvemento Sostible nº 6 (Auga, hixiene e saneamento).

Desenvolvemento


Previamente utilizaremos o cartel “Búscase: Coronavirus” como elemento de información e recordatorio sobre as medidas de prevención fronte ao SARS-Cov-2 na aula e no centro. Pode colocarse desde o inicio do curso en aulas, corredores, baños e zonas de paso, así como compartirse en redes sociais e comunicacións do centro ás familias.

Para a actividade podemos introducir o tema do lavado de mans na asemblea, indagando o que sabemos xa sobre a importancia de lavarnos as mans.

- Cantas veces ao día hai que lavarse as mans?
- En que momentos é especialmente necesario facelo?
- O xabón é necesario? Por que?
- Como hai que lavar as mans para facelo ben?

Materiais necesarios

- Poema “Mans á auga”.
- Auga e xabón.



Podemos utilizar o poema “Mans á auga” como guía para a técnica do lavado de mans. Nel destácanse algunhas das cousas importantes para lavarse ben as mans:

- A necesidade de auga e xabón.
- A importancia de lavar ben as palmas, os dorsos, cada dedo e as uñas.
- O momento do aclarado e o secado.

O poema relaciona a hixiene de mans con emocións positivas e pode ser de axuda para fomentar este hábito nos máis pequenos. Podemos poñerlle música se queremos convertelo en canción mentres nos lavamos as mans.

Mans á auga!

Unhas mans descansaban
Despois de moito xogar
A cabeza recordoulles
Que se tiñan que lavar

"A cabeza, que é moi lista,
pasounos revista.
Mans limpas, mans sans,
sen visitas bacterianas"

O dedeiro máis gordiño
Mírase "Que sucio estou!"
o seu compañeiro maimiño
dille "Eu axúdoche, vou"

"Índice, maior, anular:
Axudádenos a limpar"
"Agora mesmo!", contestaron
E á outra man avisaron.

"Somos dez dedos, emparellados
e dúas palmas con moita calma"
Os dorsos, animados,
Colócanse aos lados.

"Non podemos faltar!"
Dixeron as unlliñas
"Queremos brillar
Aínda que sexamos pequeniñas".
O índice, indicou
O maior, animou
O polgar empezou a frotar
Maimiño dixo: "Esperade,
Fáltanos auga e xabón"
Anular correu: "Vounos buscar!"

"Onde estás xabón?
Auga, onde estás?
Sen vós, non podemos comezar."

Cando os seus amigos chegaron,
A limpeza comezaron
Abrazaron ao xabón
E cantaron a súa canción:

"Rasca, rasca,
dálle, dálle,
coa espuma,
a roña sáelle"

"Por arriba, polos lados,
por debaixo, por detrás
cada man e cada dedo
con coidado frotarás
baixo a auga bailamos
e moi limpos quedamos."

"¡Hip, hip!" Dixo unha man
"¡Hurra!" respondeu a outra man.
"A toalla ten chegado
Secámonos con coidado."

"Que limpiños
Que bonitos
Quedaron
Os meus dedeiros"

Que limpiñas
Brillantiñas
Quedaron
As miñas unlliñas"

"Que a gusto estamos!"
Dixeron as mans
"Que beleza, que limpeza!"
Exclamou a cabeza.

As mans puideron correr
E non deben esquecer:
Para estar sempre sans
Lavámonos ben as mans.



GOTAS POLA HIXIENE



#GotasUNICEF

Podemos adaptar esta actividade para que forme parte da campaña do noso centro educativo a favor de #GotasUNICEF. A sensibilización sobre a importancia da auga, a hixiene e o saneamento é un elemento moi importante para lograr cumprir o obxectivo nº 6 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Podes coñecer máis sobre **#GotasUNICEF** e como participar desde o teu centro educativo en www.unicef.es/gal/educa/gotas

Taboa de aprendizaxes

Esta actividade está indicada para Educación Infantil e primeiros cursos de Primaria, realizando as adaptacións curriculares necesarias.

OBXECTIVOS

- Desenvolvemento da linguaxe como forma de coñecemento e expresión de ideas e sentimentos.
- Coñecemento e control do seu propio corpo, desenvolvemento dunha autoimaxe positiva.
- Xogo e movemento como ferramentas de aprendizaxe.
- Descubrimento da contorna (o baño e os seus elementos) e das normas sociais relativas á hixiene.
- O impacto da hixiene persoal na convivencia cos demais.

COÑECEMENTOS

- A importancia de lavarse as mans para a saúde.
- Os momentos e a técnica axeitada de lavado de mans.

ACTITUDES

- Interiorización das normas de hixiene
- Preferencia por hábitos de vida saudables.

COMPETENCIAS

- Autonomía persoal, capacidade de lavarse as mans espontaneamente cando sexa necesario.
- Habilidades comunicativas e de expresión física e verbal.

Que temas de dereitos da infancia e cidadanía global abordamos nesta actividade?

- O dereito á saúde e a recibir coidados preventivos e educación sobre hixiene e saúde.
- O dereito á educación e o seu papel no desenvolvemento das máximas capacidades de cada neno ou nena.
- O dereito á participación, ao acceso a unha información axeitada e a buscar, recibir e difundir ideas e informacións sobre temas de todo tipo.
- O dereito ao desenvolvemento.
- Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, especialmente o 6º, sobre auga, hixiene e saneamento.